

Entre os principios esenciais que marcan o ritmo de acción política en SOMOS RIBADUMIA ocupa un lugar destacado a esixencia dun **COMPROMISO ÉTICO**.

Segundo a nosa inicial declaración de principios, Somos Maioría móvese por **outra maneira de facer política, da xente e para a xente**: con contas claras e transparencia, sen posibilidade de blindarse nos cargos, sen privilexios e sen perder o diálogo coa cidadanía.

Un Código Ético tal é como desexamos debe recoller unha serie de medidas para evitar o afastamento entre representantes e representados/as, para **asegurar que as persoas que acceden aos cargos públicos o fan cunha profunda vocación de servizo e non pola soa satisfacción de aspiracións persoais**.

Este documento recolle un **código de prácticas e accións concretas de obrigado cumprimento para as persoas que se inscriban en SOMOS RIBADUMIA**, cuxa finalidade é garantir unha xestión política cercana a cidadanía, que ofrezca un compromiso de **transparencia na financiación y rendición de contas**, así como espacios reais de participación e decisión dos veciños e veciñas nos asuntos públicos.

PROCESO DE CONFORMACIÓN DA CANDIDATURA ELECTORAL.

OBXECTIVOS A CONSEGUIR: OUTRO XEITO DE FACER POLÍTICA

- Somos unha candidatura veciñal, polo tanto esixímonos un **proceso aberto**, no que poida postularse calqueira persoa sempre que se concorde cos principios, código ético e condicións aprobadas polas asembleas de SOMOS RIBADUMIA.
- En concordancia cos principios debe ser un **proceso participativo**, e os candidatos e candidatura deben ser expostos e aprobados en Asemblea.
- Debemos respetar o **principio de igualdade e de toma de decisións dende a base, rexeitando** calqueira imposición de nomes ou **reparto de "cuotas"** en base a siglas ou grupos organizados.
- Traballaremos por facer unha **lista plural, representativa dos veciños de Ribadumia**, contando con persoas de diversos sectores profesionais, e cun adecuado equilibrio territorial entre as diferentes parroquias.

REQUISITOS PARA PODER SER CANDIDATO DE SOMOS MAIORÍA:

En cumprimento dos acordos de SOMOS RIBADUMIA establécese que **non poderán** figurar entre os candidatos persoas que se atopen nos supostos seguintes:

- Persoas que estean imputadas ou condenadas xudicialmente por casos de corrupción, financiamento ilegal ou calesqueira outros delitos relacionados coa administración pública.
- Tampouco aqueles imputados – condenados por delitos de violencia de xénero – violación dos dereitos laborais – homofobia ou xenofobia.
- Persoas que na actualidade estean desempeñando cargos de representación política ou pública noutras administracións (non a duplicidade), a non ser que previamente renunciaren aos mesmos.
- Aqueles que non acepten cumprir o **DECALOGO ÉTICO** e os principios do manifesto somos maioría ou someterse a avaliación dos seus cargos por parte da Asemblea de SOMOS RIBADUMIA.

A Asemblea de SOMOS RIBADUMIA estará facultada para interpretar as casuísticas concretas que se deriven destes puntos.

DECÁLOGO ÉTICO DOS CONCELLEIROS DE SOMOS RIBADUMIA.

1. **NON AOS PRIVILEXIOS:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA rexeitarán calqueira agasallo, privilexio ou trato de favor, que se lle poida ofrecer en razón do seu cargo.
2. **TRANSPARENCIA ABSOLUTA E DECLARACIÓN PÚBLICA DOS BENS E PATRIMONIO:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA farán pública todas aquelas retribucións ou abonos que reciban polo seu cargo no Concello ou pola súa representación. Ao mesmo tempo comprométese a publicar a súa declaración de bens, tanto ao inicio da lexislatura, como no momento en que abandonen o seu cargo ou ao final da lexislatura.
3. **CUMPRIMENTO DO PROGRAMA ELEITORAL:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA comprométese a traballar polo cumprimento do Programa electoral presentado.
4. **IGUALDADE DE TODOS DIANTE DO CONCELLO:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA defenderán e aplicaran o principio da igualdade de todos os veciños e veciñas diante do Concello.
5. **COMPROMISO DE TRABALLO E INFORMACIÓN PÚBLICA:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA comprométese a informar aos veciños de Ribadumia de xeito periódico sobre a súa labor, así como da situación do Concello de Ribadumia.
6. **SOMETEMENTO A ASEMBLEA:** Os Concelleiros aceptan someter o seu traballo a avaliación periódica dos cidadáns e da Asemblea de SOMOS RIBADUMIA, que poderá revogalos do seu cargo.
7. **COMPROMISO DE ATENCIÓN DOS VECIÑOS:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA comprométese a recibir a todos os veciños e asociacións que así llo soliciten, no prazo de tempo mínimo que sexa posible.
8. **ATENCIÓN AS NECESIDADES E PRIORIDADES DOS VECIÑOS:** Os Concelleiros de SOMOS RIBADUMIA comprométese a poñer sempre por diante na súa actuación os intereses xerais dos veciños de Ribadumia.
9. **NON A DUPLICIDADE DE CARGOS:** No caso de que un concelleiro de SOMOS RIBADUMIA saia elixido para ostentar un cargo de representación pública noutra administración ou parlamento – senado, deberá abandonar inmediatamente a súa acta de Concelleiro.
10. **COMPROMISO DE CAMPAÑA ELEITORAL INFORMATIVA E RESPETUOSA CO MEDIO AMBIENTE:** SOMOS RIBADUMIA comprométese a realizar unha campaña electoral de carácter informativo das súas propostas, limpa e respetuosa co medioambiente.